

Recomendacións Básicas de Seguridade Viaria:

CONDUTORES DE MOTOCICLETAS



Servizo de Prevención de Riscos Laborais



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Coa colaboración de:



FREMAP

Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais de Seguridade Social Número 61

- ❖ Ademais, se levas os dedos na panca de freo reducirás tamén o tempo de reacción.
- ❖ Evita manobras bruscas ou inesperadas. Non aproveites a axilidade da moto para facer zigzag entre vehículos, xa que corres o risco de que non te vexan.



ESVARAMENTOS

Dada a súa escasa estabilidade, unha das causas dos accidentes dos motoristas son os esvaramentos. Algunhas medidas para evitalos son as seguintes:

- ❖ Ante situacións adversas reduce a velocidade, sobre todo con choiva.
- ❖ Cando vaías recargar combustible, presta atención ás manchas de gasóleo ou gasolina que poida haber no chan. Evita pisalas coas rodas ou parar encima delas, de forma que non as pises ao baixar da moto.
- ❖ Nos pasos de peóns non pises as liñas brancas, a pintura aplicada fai que sexan esvaradías, sobre todo con choiva.



- ❖ Para frear utiliza os dous freos á vez, xa que o dianteiro frea máis que o traseiro, así compensarás.
- ❖ Nunca toques o freo dianteiro bruscamente mentres trazes unha curva.

INTRODUCCIÓN

Na actualidade, as motocicletas están a aumentar de forma progresiva a súa presenza no parque de vehículos. Isto débese, principalmente, aos problemas de circulación e de aparcadoiro que existen nas grandes cidades.

AS MOTOCICLETAS E A SEGURIDADE VIARIA

O risco de sufrir un accidente por parte dun motorista provén principalmente de dous aspectos:

- ❖ **Menor estabilidade do vehículo**, de forma que ao responder ante un imprevisto pérdese o control máis facilmente.
- ❖ **Falta de protección**, un ciclomotor ou motocicleta apenas conta con elementos de seguridade pasiva que minimicen os danos en caso de accidente.

RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS

Entre as distintas situacións de risco a que se enfrontan os motoristas destacan as seguintes:

- ❖ Alcances
- ❖ Esvaramentos
- ❖ Cruces e cambios de dirección

ALCANCES

Desde un punto de vista xeral, existen dous tipos de alcances, o que se produce estando un dos vehículos parado e o outro en movemento, e no que ambos os vehículos se atopan en movemento. Para evitar este tipo de accidentes has de ter en conta unha serie de recomendacións:

- ❖ Ao te deter nun paso de peóns ou semáforo non pares na metade do carril, faino a un lado.

CRUCES E CAMBIOS DE DIRECCIÓN

Os cruces e os cambios de dirección son situacións en que as motos se mostran máis vulnerables. Cando te achegues a algún, adopta as seguintes precaucións:

- ❖ Achégate a velocidade moderada.
- ❖ Observa aos vehículos ou peóns que poidan supor un perigo, para te poder anticipar.
- ❖ Cando te aproximes a un cruce en que teñas prioridade, desconfía dos outros vehículos, pode que non te vexan.
- ❖ Sinala os cambios de dirección con antelación. Un peón poderá desistir de cruzar e o coche que te precede reducirá a velocidade.
- ❖ Non cruces o semáforo en vermello, aínda que sexa poucos instantes despois do ámba e espera a que se poña en verde para arrincar.



- ❖ En interseccións comproba que ningún vehículo estea aínda cruzando, sobre todo cando te atopes en primeira liña.
- ❖ Evita os ángulos mortos do resto de vehículos. A peor posición para que te vexan os coches é cando circulas en paralelo.

PROTECCIÓNS

❖ Circula sempre con casco homologado (homologación segundo a norma europea ECE 22).

Os cascos caducan e deben ser substituídos segundo as especificacións do fabricante e en caso de accidente ou caída desde 1,5 m, xa que poden sufrir danos na súa estrutura e non protexen igual.

Non usar o casco é unha infracción grave, acompañada dunha sanción económica e perda de puntos.

- ❖ Indica a parada con antelación e claridade dando varios toques ao freo.
- ❖ Achégate aos semáforos ou pasos de peóns a unha velocidade que che permita frear progresivamente sen invadir o límite do paso de peóns ou a intersección.
- ❖ Leva un control do tráfico a través dos retrovisores.




Regula os espellos de forma que vexas por eles unha pequena parte dos teus brazos e ombreiros. Conseguirás o máximo campo de visión cara a atrás e cara aos lados.

- ❖ Cando circules entre coches en movemento, mantén unha distancia lateral de seguridade suficiente. Neste caso, sempre que sexa posible, circula polo centro do carril.



- ❖ Se circulas entre coches parados, faino a pouca velocidade, como máximo a 20 km/h.

- ❖ Para evitar chocar co vehículo que vai diante en caso de parada imprevista, ademais de manter a distancia de seguridade, circula desprazado cara a un dos lados en lugar de polo centro, así poderás reaccionar.



- ❖ A vestimenta considérase nos motoristas como un sistema de seguridade pasiva, por tanto utiliza luvas e calzado adecuado.



- ❖ O casco e a roupa de protección deben estar ben abrochados e axustados.
- ❖ Usa pezas de cores rechamantes e dispositivos reflectores, sobre todo de noite ou en condicións de escasa visibilidade, de tal forma que o resto de condutores poida detectar a túa presenza a unha distancia mínima de 150 metros.

RECOMENDACIÓNS

- ❖ Nunca leves obxectos ou vultos que che impidan manobrar con normalidade.
- ❖ Verifica o correcto funcionamento da luz de posición.
- ❖ Revisa os pneumáticos de forma periódica. Estes deben presentar un desgaste similar e débense cambiar os dous á vez.
- ❖ Evita subir bordos e chanzos para evitar deformacións nas lamiás e cortes ou roturas dos pneumáticos.

© FREMAP

Ctra. de Pozuelo nº 61
28220 Majadahonda (Madrid)